

OBJECTIVOS

1. Inducir interrogantes arredor das relacións entre a interseccionalidade e a realidade da empregabilidade.
2. Identificar novos desafíos na formación, orientación e inserción laboral das persoas, como consecuencia da interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal.
3. Poñer de relevo necesidades da formación, orientación e emprego derivadas do impacto da interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal na empregabilidade.
4. Visibilizar o potencial da interseccionalidade, para lograr unha maior empregabilidade, na investigación sobre formación, orientación e inserción laboral.
5. Coñecer boas prácticas desenvolvidas nas relacións entre a formación, a orientación, a inserción laboral e a interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal.
6. Debater sobre as posibilidades e oportunidades da interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal na formación, a orientación e o emprego.
7. Anticipar os efectos da interseccionalidade na formación, na orientación e a inserción laboral.
8. Sinalar liñas de acción e intervención desde a formación, a orientación e a inserción laboral, para aplicar a perspectiva da interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal na empregabilidade e no emprego.
9. Avanzar na prospectiva da formación e a orientación na súas relacións coa inserción laboral e o emprego.

ÁREAS TEMÁTICAS

Dinámica da educación e a formación na súa aliñación (competencias-habilidades) co emprego e os salarios. A Orientación na Formación Profesional. Orientación e Intelixencia Artificial. Redes de Orientación e Emprego. Orientación e xustiza social. Modulación do comportamento humano. Os novos retos tecnolóxicos nos procesos formativos laborais: a urxencia da competencia dixital na orientación, a formación e o emprego. Desenvolvemento e implantación da dixitalización en forma de Bg Data, plataformas dixitais, MOOCs, a Intelixencia Artificial (IA), a Realidade Virtual, a robotización dos procesos produtivos, formativos, de orientación e inserción laboral. Implicacións da automatización: educación, formación ou adestramento? A orientación na Lei de Emprego de España. Os obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030: consecuencias na súa aplicación para a Formación, a Orientación e a Inserción Laboral. A inclusión-exclusión dos colectivos vulnerables: discriminacións e diversidade. Intelixencia Artificial (IA). Impacto na creatividade aplicada aos procesos formativos e a avaliación. Rol dos observatorios da Formación Profesional e as súas sinerxias. Xuventude, empregabilidade, empoderamento e inserción profesional: as súas políticas e programas. Recoñecemento e certificación na formación para o traballo: perspectivas internacionais. A aprendizaxe permanente para todos e todas. O Contrato social: desafíos para a formación e a orientación. Influencia da tecnoloxía na calidade e cantidade de emprego decente. As organizacións que ofertan formación e orientación. A validez do Contrato de Aprendizaxe como figura formativa. A formación como parte da cultura da empresa. O coñecemento sobre a formación para o emprego: impacto da ausencia de publicacións especializadas. Formación e Orientación para o Emprego Blanco e o Emprego Verde. As microcredenciais de formación, relacións e utilidade na validación/acreditación de competencias. As Contas Individuais de Aprendizaxe (ILA). Prospectiva no impulso da formación das persoas adultas en idade laboral. Os/as profesionais da formación, a orientación e a inserción laboral: identidade individual e colectiva. A Lei de Formación Profesional de España.

PÚBLICO OBXECTIVO

Persoas dedicadas á investigación, xestión, innovación e transferencia da educación, a formación, a orientación e o emprego: profesionais e estudantes, así como calquera interesada/o na temática do Congreso.

PRESENTACIÓN

A Real Academia da Lingua Española (RAE), atribúe á palabra mantra o significado de «sílabas, palabras ou frases sagradas, xeralmente en sánscrito, que se recitan durante o culto para invocar á divindade ou como apoio da meditación, tomadas do hinduísmo e o buduísmo». De forma máis extensa outros dicionarios relacionan o termo coa «liberación da mente, do pensamento, eliminación das divagacións a partir de certo estado de tranquilidade producido polo uso de 'ladañas rítmicas repetidas' (...)».

Nun tempo no que a ciencia se afana en emitir informes derivados da análise obxectiva da realidade a partir da interpretación de datos e acontecementos extraídos da mesma coa idea de proporcionar fundamentos ás decisións políticas, técnicas, administrativas..., en paralelo as construcións sociais e o imaxinario das persoas desenvolven un escenario contrario de valores e crenzas que se contraponen ás ladañas da formación, a orientación e o emprego, cobrando maior sentido o non formal e o informal.

Mentres que a incerteza se consolida e impregna todo o que acontece na vida das persoas, con impactos pouco adaptativos e inquietantes nos que destacan as vulnerabilidades psicolóxicas e sociais, sinais emerxentes dunha certa desafección polo estudo e o traballo a favor do ocio e o tempo de lecer, como meta das aspiracións individuais e colectivas, cómpre preguntarse que foi daquelas expectativas acerca da «formación ao longo da vida», da «integración dos sistemas de formación», da «orientación como mediadora nas transicións», da «relación entre a educación e a formación» e da «inclusión educativa e laboral da diversidade», entre outras cuestións que foron tratadas nas 22 edicións celebradas deste congreso que continúa integrando as preocupacións dos diferentes axentes corresponsables e implicados nos eixos da formación, a orientación e o emprego, como decisores, investigadores, ideólogos, xestores, profesionais do emprego, da formación e da orientación e mesmo receptores das diferentes, políticas e avances científico-técnicos.

Se aspiramos a cumprir o reto de facer dos dereitos humanos unha realidade, tomando como referencia o Obxectivo 4 de Desenvolvemento Sostible, «Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos» (ODS4, p. 28), e o Obxectivo 8, «Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos» (ODS, p. 38), recollidos na Axenda Española 20-30, as persoas –no que as diferencia– requiren respostas e compromisos distintos da formación, a orientación e o emprego, individual e colectivamente.

A educación e a empregabilidade en sentido amplo colocan no núcleo das nosas preocupacións como transferir a perspectiva interseccional á formación, a orientación e o emprego: ás súas investigacións, prácticas e políticas, nun escenario de desafección polo estudo na escolaridade obrigatoria e polo traballo, mentres medran as manifestacións das desigualdades en territorios e grupos, evidentes nas distintas capacidades, recursos e oportunidades de desenvolvemento, de cara a acadar sistemas máis xustos e sostibles fronte aos desafíos das novas alfabetizacións.

A interseccionalidade, vinculada como concepto de maneira principal ao discurso e á práctica do feminismo na década dos 90 do século XX, evoca as categorías polas que as persoas se atopan nun mesmo contexto partindo de realidades favorables ou desfavorables desiguais. Estas persoas requiren respostas e compromisos diferentes da formación, a orientación e o emprego, se aspiramos a cumprir o reto de facer dos dereitos humanos unha realidade. A mobilidade en sentido amplo coloca no núcleo das nosas preocupacións como trasladar a perspectiva interseccional á formación, orientación e emprego, ás súas investigacións, prácticas e políticas, conscientes de que xorden novos analfabetismos como base das desigualdades na sociedade, a pregunta fundamental a partir da cal se propón o programa deste congreso é: EXISTEN MANTRAS PARA APLICAR A PERSPECTIVA/ENFOQUE INTERSECCIONAL NA FORMACIÓN, ORIENTACIÓN E EMPREGO? Se existen, CALES SON? CAL É A PROSPECTIVA DA FORMACIÓN E A ORIENTACIÓN NAS SÚAS INTERACCIÓNS CO EMPREGO?

Margarita Valcarce Fernández
Presidenta do Comité Organizador



<https://www.usc.gal/gl/>

INFORMACIÓN

congreso.23gapt@usc.es

GALICIA/PORTUGAL

de formación para o traballo

23

CONGRESO

Mantras para a formación a orientación e o emprego na interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal

NOVEMBRO 2023

Centro Cultural
Ángel Valente de
Ourense, 23 e 24

Mosteiro de San
Salvador de
Celanova, 25



Universidade de Vigo



COMISIÓN ORGANIZADORA

Presidencia: Margarita Valcarce Fernández, Universidade de Santiago de Compostela
Vicepresidencia: Carla Vale, Delegación Rexional do Norte do IIEFP, IP
Vogais: Ana Vázquez Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela. Anabela Dias, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Rosanna López Salgueiro, Fundación Pública Galega de Formación para o Traballo. António Soares Costa, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Celina Gerales, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Elisabete Pires, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Gabriel Huerta Córdova, Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México). Lucía Casal De La Fuente, Universidade de Vigo. Igor Mella Núñez, Universidade de Santiago de Compostela. Joaquim Coimbra, Universidade de Porto. José Manuel Castro, Modatex/Universidade de Porto. José Pedro Machado, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Manuel Roboredo, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. María González Blanco, Universidade de Santiago de Compostela. Marta Vázquez Guzmán, Xunta de Galicia. Marta Vázquez Timiraos, Universidade de Vigo. Patricia Alonso Ruido, Universidade de Santiago de Compostela. Serxia Lage Arias, Universidade da Coruña. Cristina Pérez Crego, Universidade da Coruña. Sílvia Vieira, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Sílvia Lorenzo Sayáns, Xunta de Galicia. COLABORACIÓNS: Xosé Ramón Fernández Vázquez, Universidade de Santiago de Compostela. María Concepción Guerra Hoyos, IES As Lagoas de Ourense e Antonio Piñeiro Feijóo, Concello de Celanova.

COMITÉ CONSULTIVO

Antonio Florencio Rial Sánchez, Universidade de Santiago de Compostela. Bártolo Paiva Campos, Universidade de Porto. Beatriz Malik Liévano, Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía. Carla Vale, Instituto de Emprego e Formación Profesional de Portugal. Carlos Oliveira Borrego, Instituto de Emprego e Formación Profesional de Portugal. Celina Gerales, Instituto de Emprego e Formación Profesional de Portugal. Cristina Rodrigues, Instituto de Emprego e Formación Profesional de Portugal. Fernando Marhuenda Fluxá, Universidade de Valencia. Joaquim Coimbra, Universidade de Porto. José Manuel Castro, Modatex /Universidade de Porto. José Tejada Fernández, Universidade Autónoma de Barcelona. Luís Carro Sancierstobal, Universidade de Valladolid. Miguel Ángel Carretero Díaz, Universidade Complutense de Madrid. Miguel Ángel Zabala Beraza, Universidade de Santiago De Compostela. Pilar Martínez Clares, Universidade de Murcia. Soledad Romero Rodríguez, Universidade de Sevilla.

COMISIÓN DE HONRA

Presidencia: Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela
Gonzalo Pérez Jácome, Alcalde do Concello de Ourense. Antonio Puga Rodríguez, Alcalde de Celanova, Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. Elena Rivo López, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Luís Menor Pérez, Presidente da Deputación Provincial de Ourense. João Costa, Ministro da Educação de Portugal. Ana Mendes Godinho, Ministra do Trabalho, Solidariedade e Segurança Social de Portugal. António Leite, Secretário de Estado da Educação de Portugal. Miguel Fontes, Secretário de Estado do Trabalho de Portugal. Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña. Manuel Joaquim Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo. António Sousa Pereira, Reitor da Universidade do Porto. Rui Vieira de Castro, Reitor da Universidade do Minho. Emídio Ferreira dos Santos Gomes, Reitor da Universidade de Trás -os- Montes e Alto Douro. María del Mar Lorenzo Moleado, Decana da Faculdade de Ciencias da Educação da Universidade de Santiago de Compostela. Miguel Ángel Santos Rego, Director do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela. António Leite, Professor de Ensino Secundario em Portugal. Domingos Jorge Ferreira Lopes, Presidente do Conselho Diretivo do IIEFP, IP de Portugal. Filipa Henriques de Jesus, Presidente do Conselho Diretivo da Agência Nacional para a Qualificação e o Ensino Profissional de Portugal. António Cunha, Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento da Região Norte de Portugal. Carla Vale, Delegada Regional do Norte do IIEFP, IP de Portugal. Luís Carlos Ferreira Campos Lobo, Delegado da Direção de Serviços da Região Norte da Direção dos Estabelecimentos Escolares de Portugal. Juan Manuel Vieites Baptista De Sousa, Presidente da Confederação de Empresarios de Galicia. Paulo Carril Vázquez, Secretário Xeral da CIG. José Antonio Gómez Gómez, Secretario Xeral UGT-Galicia. Amelia Pérez Álvarez, Secretária Xeral de CCOO de Galicia. Luís Miguel Ribeiro, Presidente da Associação Empresarial de Portugal. Mário Mourão, Secretário-Geral da UGT- Portugal. Isabel Camarinha, Secretária-Geral da CGTP de Portugal.

COMISIÓN CIENTÍFICA-TÉCNICA

Presidencia: María del Mar Sanjuán Roca, Universidade de Santiago de Compostela. Vicepresidencia: Joaquim Luís Coimbra, Universidade de Porto.
Vogais: Alcides Fernandez Da Moura, Fundação Piedoso (Angola). Ana María Alzate Rodríguez, Xunta de Galicia. Antía Guillén García, Xunta de Galicia. Bernardo Santos e Sousa, CD do IIEFP, IP. Carla Vale, Delegación Rexional do Norte do IIEFP, IP. Carlos Gonçalves, Universidade de Porto. Celina Gerales, Delegación Rexional do Norte do IIEFP, IP. Conceição Matos, Departamento de Formação Profissional do IIEFP, IP. Cristina Abeal Pereira, Universidade de Santiago de Compostela. Cristina Ceinos Sanz, Universidade de Santiago de Compostela. Cristina Rodrigues, Delegación Regional do Norte do IIEFP, IP. Delmiro Barreiro De La Torre, Universidade de Vigo. Emília Seoane Pérez, Universidade de Vigo. Esther Vila Couñago, Universidade de Santiago de Compostela. Filipe Gonçalves Macedo, Universidade Fernando Pessoa (Portugal). João Pereira Caramelo, Universidade do Porto. Joaquim Azevedo, Universidade Católica Portuguesa. José Ángel Vázquez Barquero, Universidade de Vigo. José Francisco Durán Vázquez, Universidade de Vigo. José Jaime Vázquez López, Benemérita Universidad Autónoma de Puebla (México). José Manuel Castro, Modatex/Universidade de Porto. José María Falcid Garrido, Universidade de Vigo. José Pablo Franco López, Universidade de Santiago de Compostela. José Pedro Machado, Subdelegación Rexional do Norte do IIEFP, IP. José Ramón Méndez Roboredo, Universidade de Vigo. Margarita Valcarce Fernández, Universidade de Santiago de Compostela. María del Carmen Gutiérrez Moar, Universidade de Santiago de Compostela. María del Mar de Santiago Pérez, Universidade de Santiago de Compostela. María del Pilar González Fontao, Universidade de Vigo. María del Rosario Castro González, Xunta de Galicia. María do Céu Taveira, Universidade do Minho. María Julia Diz López, Universidade de Santiago de Compostela. María Teresa Fernández Rodríguez, Universidade da Coruña. Mariana Casanova, Universidade de Porto. Miguel Ángel Nogueira Pérez, Universidade de Santiago de Compostela. Neves Arza, Universidade da Coruña. Olaya Santamaría Queiruga, Universidade de Santiago de Compostela. Pablo Rial González, Eunect Business School. Paula Magalhães, Grupo de Investigación GEFIL-Portugal. Santiago Carballo, Universidade de El Salvador (Argentina). Xosé Manuel Cid Fernández, Universidade de Vigo.

COLABORACIÓNS

Xosé Ramón Fernández Vázquez, IES Xelmírez II - Universidade de Santiago de Compostela. María Concepción Guerra Hoyos, IES As Lagoas de Ourense. Antonio Piñeiro Feijóo, Asuntos Culturais, Prensa e Protocolo do Concello de Celanova.

IMAXE E DESEÑO CORPORATIVO

Margarita Valcarce Fernández, Universidade de Santiago de Compostela.

Mantras para a formación, a orientación e o emprego na interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal.

MATRÍCULA (Modalidades presencial e a distancia)

Es persoas inscritas correctamente no congreso terán dereito a un certificado expedido pola organización do Congreso por 20 horas de asistencia e participación e, de ser o caso, o que corresponda á contribución defendida e outros recoñecementos, sempre que se estea presente nun mínimo do 80% das actividades, participando en todos os bloques temáticos. A todas as persoas matriculadas que asistan ás actividades ofreceráse-lles, sen custo, os cafés dos descansos. Tamén se lles proporcionarán os materiais do congreso e o acceso as actividades desenvolvidas na sala do Centro Cultural José Ángel Valente a través do Canle de Youtube da USC. As comunicacións en liña defenderáse a través de Teams. Para aquelas contribucións defendidas garátese a publicación no libro de actas do congreso co correspondente ISBN. A mellor comunicación en portugués, en galego e castelán, seleccionada polo Comité Científico-Técnico, poderá converterse en capítulo dun libro monográfico sobre algunha temática do congreso.

Inscripcións

- Cubrir o formulario de inscrición no seguinte enlace: <https://forms.office.com/e/dy0N5g7vRU>
- Realizar o pago con tarxeta a través do enlace: https://matricula.usc.es/autoliquidacions/Frm_Economica_Autoliquidaciones.asp
Entidade: Banco Santander Central Hispano (Rúa Calderería 54-56, Santiago de Compostela)
Número de conta: 0049.2584.90.2214002210
Código Internacional: SWIFT: BSCHESMM IBAN: ES40
Especificación claramente o concepto: [matricula 23 Congreso Formación Trabajo GA/PT](#)
- Enviar xustificante do pago da cota aboada e da situación laboral/profesional (cando corresponda), escanados, por correo a: congreso.23gapt@usc.es, especificando no asunto: matricula 23 Congreso Formación Trabajo GA/PT

Cotas:

Modalidade en Liña (Prazas limitadas: 100)

Asistente: 50,00 €
Alumnado das universidades españolas e portuguesas: 40,00 €
Persoas desempregadas sen contribución: 40,00 €
Estudantes, investigadores/as e persoas desempregadas con contribución: 80,00 €
Asistente doutros grupos con contribución: 100,00 €

Modalidade presencial (Prazas limitadas: 150)

Asistente: 30,00 €
Alumnado das universidades españolas e portuguesas: 30,00 €
Persoas desempregadas sen contribución: 30,00 €
Estudantes, investigadores/as e persoas desempregadas con contribución: 60,00 €
Asistente doutros grupos con contribución: 80,00 €
Formadores/as e Orientadores/as laborais dos centros propios e do Servizo de Emprego da Xunta de Galicia, e do Instituto de Emprego e Formación Profesional da Rexión Norte de Portugal: gratuíta
Profesorado e Orientadores/as dos Centros Públicos de FP da Xunta de Galicia: gratuíta

Normas de Participación

Os/as participantes no Congreso poderán presentar contribucións relacionadas con teorías, experiencias prácticas ou resultados de investigacións na modalidade PRESENCIAL e/ou A DISTANCIA, en calquera dos ámbitos temáticos do Congreso, nunha ou nas dúas modalidades seguintes:

- COMUNICACIÓN PRESENCIAL (VER NORMAS ESPECÍFICAS E PLANTILLA)
- COMUNICACIÓN A DISTANCIA (VER NORMAS ESPECÍFICAS E PLANTILLA)

Poderán postularse con autoría individual ou grupal (máximo de catro autores/as). Cada autor/a poderá aparecer nun máximo de tres contribucións e obrigatoriamente terá que se matricular no Congreso.

Na redacción das propostas seguiranse as normas APA-Publication Manual of the American Psychological Association (APA), 7ª ed. Washington: APA, 2020, que se poden consultar no enlace: <http://www.apastyle.org>. Unha guía resumida en castelán pode atoparse no seguinte enderezo: <https://universabierto.org/2020/03/12/normas-apa-7-a-edicion-guia-de-citacion-y-referenciacion/>

En atención a criterios de igualdade de xénero recoméndase facer uso da linguaxe non sexista. Pode obterse información ao respecto de como aplicala no acceso: http://www.usc.es/export/sites/default/gi/servizos/oix/descargas/linguaxe_non_sexista_publicado_WEB_USC.pdf

Os resumos e texto completo enviaranse ao correo: congreso.23gapt@usc.es

Prazos:

Proposta (resumo 200 palabras máximo): ata o 20 de outubro de 2023

Aceptación polo Comité Científico: ata o 10 de novembro de 2023

Texto completo (5 páxinas máximo): ata o 22 de decembro de 2023

PROGRAMA

Día 23, xoves	Día 24, venres	Día 25 sábado
OURENSE		CELANOVA
10h00-11h30 ACREDITACIÓN	9h30-11h30 TALLERES	10h00-11h30 CONFERENCIA 4 Mario Antonio Lado Campelo, Paulo Silva
11h30-12h00/DESCANSO		11h30-12h00 CLAUSURA
12h00-13h00 CONFERENCIA 1 Antonio F. Rial e Joaquim L. Coimbra	12h00-13h00 CONFERENCIA 2 Luís Carro, Beatriz Malik	12h00-14h00 VISITA E ACTUACIÓN MOSTEIRO SAN SALVADOR María José Seoane
13h00-14h00 MESA REDONDA 1 Ana María Alzate, Miguel A. Carretero, Domingos Lopes	13h00-14h00 CONFERENCIA 3 Joaquim Azevedo	
14h00-15h00 INAUGURACIÓN		
XANTAR		
16h00-18h00 TALLERES	16h00-18h00 MESA REDONDA 2 María Eugenia Pérez, Zeltia Lado, Carla Vale, João Gonçalves	TARDE LIBRE
18h00-20h30 COMUNICACIÓNS	18h00-20h00 SIMPOSIO Sonia M. Valladares, Soledad Romero, J. Pedro Amorim, Manuel A. Ferreira	

Conferencia 1. «Mantras para a formación a orientación e o emprego na interseccionalidade social, tecnolóxica e persoal».
Conferencia 2. «As contas individuais de formación (ILA): implicacións para a formación e a orientación». «O azar e a casualidade "planificada" nas traxectorias laborais/profesionais, considerando as discriminacións múltiples».
Conferencia 3. «Desafíos á intelixencia educacional en tempos de transformando da intelixencia artificial».
Conferencia 4. «A formación, estratexia de desenvolvemento persoal, profesional e económico – impacto do nivel de cualificación nos salarios e a retención de talento endógeno».
Mesas redonda 1. «Implicacións da IA para a formación, a orientación e o emprego desde unha perspectiva de traballo colaborativo en rede».
Mesa redonda 3. «Prospectiva institucional da formación e a orientación en Galicia e Portugal».
Simposio. A investigación na formación e a Orientación actuais
«O que aporta a IA á investigación». «O descoñecemento da Orientación Laboral para a investigación cualitativa».
«A orientación vocacional dos adultos: entre a domesticación e a liberación». «Formación e investigación: articulacións e distanciamientos».
Taller 1. «Creación de textos e produtos con ChatGPT». Daniel González Pena, Universidade de Vigo
Taller 2. «Instrumentos de validación das competencias transversais, asociados ás microcredenciais de formación». Sara Dorado Rubio, Universidade de Valladolid
Taller 3. «"Esa Xente" Mantras e mantos da invisibilidade da formación profesional de adultos». José Manuel Castro – Modatex/Universidade de Porto
Taller 4. «Feliz(mente) Programa municipal de apoio á saúde mental de Vila Nova de Gaia». Eduardo Vitor Rodrigues (Alcalde de Vila Nova de Gaia) y Patricia Lopes (Teniente de Alcalde de Vila Nova de Gaia)
Taller 5. «Ferramentas de IA para a creación do CV». José Ramón Fernández Roboredo, Universidade de Vigo. Sílvia Lorenzo Sayáns, Xunta de Galicia
Taller 6. «A creación de MOOCs para a formación dos/as orientadores/as». Miguel Nogueira Pérez e Cristina Ceinos Sanz, Universidade de Santiago de Compostela
Taller 7. «Aps e desenvolvemento de competencias para a vida laboral». Alejandro Sotellino Losada, Universidade de Santiago de Compostela
Taller 8. «A valorización das experiencias extracurriculares para o desenvolvemento persoal e integración profesional – Programa FEP Pro-Skills». Márcia Gonçalves, Facultade de Economía da Universidade de Porto
Comunicacións presenciais e telemáticas